

**Isabel-Clara Simó**

### **É certo que hai escritores rompen tabús?**

Cando falamos de tabú normalmente referímonos a aquilo que é procaz ou desvergonzado, ou de mal gusto, ou, aínda máis, a palabras cuxa prudencia no seu emprego desprezamos porque a consideramos clerical e ridícula, e iso sucede case en exclusiva no eido semántico da escatoloxía. As funcións dos aparellos excretorios e dos órganos sexuais son os que máis a miúdo entran neste ámbito. Os escritores atrevidos gozan referíndose a eles, especialmente no xénero epigramático, como unha resposta irónica para ridiculizar a beatería do chamado bo gusto.

Pero o tabú é algo ben diferente. Con todo i con iso cando dicimos que imos romper un tabú, cousa que facemos coa complicidade de todo o gremio da letra –ou case–, non estamos a referirnos ao seu significado senón a súa caricatura. "Tabú", como sabemos, é unha palabra da Polinesia, moi próxima ao latín "sacer", ao grego "????", ou ao hebreo "kodausch". Significa dúas cousas diferentes e simultáneas: "sagrado", por un lado, e "prohibido" ou "impuro" polo outro. O seu contrario, tamén na Polinesia, é "noa", que quere dicir accesíbel a todos. Logo, non debe confundirse coas prohibicións relixiosas ou morais, como blasfemar ou insultar, que teñen un fundamento relixioso ou moral. O máis destacado do tabú é que polo menos, aparentemente, non ten fundamento. Din que é o código non escrito máis vello da humanidade, e aínda máis: non hai pobo ningún sen tabús, pero igual que nas matemáticas os axiomas non poden ser demostrados, malia que son a base do seu sistema lóxico, en socioloxía o tabú é a base das relacións sociais.

O tabú recae sobre unha persoa, un animal ou un obxecto, e aqueles que non o observen, van quedar impurificados. Poderíamos dicir, logo, que un tabú é inviolábel porque aquel obxecto, animal ou persoa representa a divinidade, e asemade, porque é unha representación demoníaca.

Con todo e con iso, a antropoloxía esfórzase para atopar a utilidade, próxima ou remota, dos rituais sociais, e por iso tense feito un catálogo de utilidades simbólicas das prohibicións: protexer algúns personaxes e os símbolos que os representan protexer aos débiles, preservar a saúde (contacto con cadáveres, por exemplo), protexer os cerimoniais (de iniciación, do nacemento, do matrimonio, etc) protexer ás persoas contra a cólera dos deus, protexer aos que veñen de nacer ou están a piques

de facelo, etc. Violar un tabú está castigado, e con probabilidade os primeiros sistemas penais derivan destes castigos, pero tamén hai actos de penitencia e de purificación. Algúns tabús son temporais, como a menstruación, que impurifica a muller e quen a toca. Lembremos coma exemplo a historia de Raquel e Xacob: Raquel fuxe de casa do pai e leva con ela os ídolos da familia, e cando ve que a perseguen, senta, na tenda, por riba dos ídolos e cando seu pai entra a rexistrar a tenda e recuperar os ídolos, ela di que ten o mes e polo tanto é intocábel, así que teñen todos que retirarse. Ou a impureza das mulleres no parto (Levítico, 12, 1- 2-5), porque dise explicitamente que a muller é impura durante sete días despois do parto se pariu un barón, pero si pariu unha nena será impura quince días.

De calquera xeito, semella bastante probábel que a función social do tabú, que obriga a unha dobre operación contradictoria, a veneración e a execración, está vencellada ao poder.

A tal efecto, Freud no coñecido Totem e Tabú, atopa un discutido paralelismo entre o comportamento social polo que se refire ao tabú e a estrutura de determinadas neuroses obsesivas; o neurótico obsesivo, en efecto, autoobrígase a observar determinadas prohibicións, especialmente o contacto (*délire de toucher*), algunhas delas son comprensibles pero outras son puramente cerimoniais; igual como pasa co tabú, e tocas aquilo que é tabú, ti mesmo xa es tabú; para purificarse, tamén, hai que realizar unha serie de ablucións. O que si que é curioso é que, tanto o concepto social coma o individual expresan a través do tabú o concepto de tentación: quéroo tocar pero dáme arrepió a consecuencia. De igual xeito está vencellado ao concepto de castigo.

Os tabús máis frecuentes recaen nos inimigos, no poder (os xefes) e nos mortos. Cómpre lembrar un tema tan recorrente na literatura como é o do espectro: os mortos veñen mortificarnos polo noso crime; así por exemplo, as alucinacións de Macbeth ou de Ricardo III. Pero hai outro tema que podemos comprobar no comportamento das masas: a idea inconsciente do poder taumatúrxico do rei ou do Papa ou do ditador; deste xeito enténdense as multitudes que se forman arredor do Rei ou do Papa, pero tamén dun ditador coma Franco; sosteño que é así como podemos entender o delirio por espíar a vida dos poderosos e a fascinación que senten tantas persoas por contemplar, nas revistas do gremio, como fornican ou visten os ricos e poderosos. Só coa morbosidade da envexa non se pode entender esta parvada, as veces sobre persoas ben pouco exemplares.

Doutro xeito, o concepto de tabú non queda lonxe do concepto de consciencia moral, e, aínda máis, do concepto kantiano do imperativo categórico, ou en xeral, do código innato de conduta.

Agora ben, só como unha metonimia podemos entender que o tabú sexan as palabras prohibidas, porque son de mal gusto, e que hai que disfrazalas con eufemismos: pipí, caca, carallo, cona etodos os numerosísimos derivados. Só neste sentido, puramente superficial, podemos entender que falemos de escritores que rachan tabús, porque usan unha linguaxe desvergonzada e desenvolta. Iso, que a literatura teno feito toda a vida, desde Marcial ou Cátulo até Bernat e Baldoví, pasando por Rabelais ou Quevedo, autores cunha linguaxe procaz, que a sociedade máis carca e pudibunda condenou ao silencio, está en todas as literaturas e mais en todas as épocas. E cómpre subliñar que nunha época de seca para a literatura catalá prosperase o nome de Vicent Garcia, o Crego de Vallfogona de Riucorb –máis famoso polo seu divertido erotismo que pola seriedade da súa literatura– ou que na época de represión franquista Manuel de Pedrolo escribise *Els quaderns d'en Marc*.

Agora ben, non nos trabuquemos: ser transgresor dos bos costumes e do código da Lliga del Bon Mot\* (A Liga da Boa Verba) non é o mesmo que romper un tabú, e moito menos as raíces antigas, subconscientes e universais destes. Dicar pipí, caca, carallo, cona non é o mesmo que o acto revolucionario de romper un tabú. De feito, ser un transgresor é case unha necesidade por non dicir un obxectivo dos escritores. E se non fixémonos no paradoxo, tan vello, do Rei e o Poeta: o Rei precisa do Poeta, para darlle esplendor ao seu reino, e o Poeta precisa do Rei para ter os medios de producir arte; pero asemade rexéitanse mutuamente, porque o Poeta constrúe un Mundo alternativo ao real, un Mundo onde o Rei non ten poder ningún e que escribe precisamente para denunciar ao Rei. De xeito que poderíamos dicir que toda obra de arte valiosa –e perdoade que use un adxectivo tan pouco concreto e indefinible– é revolucionaria, teña o seu autor a ideoloxía que teña. Como xa nolo advertía Jean-Paul Sartre, que na obra "Qu'est-ce que la littérature?" fai unha observación ben sagaz: non existe unha boa novela que defenda a escravitude. Por certo que Nietzsche di exactamente o contrario na "Genealoxía da moral": Os artistas son, en todas as épocas, os criados dunha moral, dunha filosofía, dunha relixión (...) son cortesáns dos seus mecenas, adutores do poder antigo e do novo cando vai en ascenso". Os exemplos que poderíamos pór son innumerábeis.

Querería por un exemplo da distancia que hai entre ser un transgresor e romper un tabú. Voume limitar a citar un fragmento dun dos autores máis transgresores da historia da literatura: Charles Baudelaire, polo que ten de nihilista e hedonista. Pertence ao famoso libro "Consellos para o escritores novos" e leva o epígrafe "Sobre as amantes":

Se quero observar a lei dos contrastes que goberna a orde moral e a orde física, estou na obriga de xuntar na clase de mulleres perigosas para os escritores : a muller honrada, a sabichona, e a actriz; a muller honrada porque pertence de preciso a dous homes e é unha comida mediocre para a alma despótica dun poeta; a sabichona, porque é un home frustrado; a actriz porque está tocada de literatura e fala en argot. En resumo, porque non é unha muller en toda a acepción da palabra, xa que o público é para ela unha cousa máis preciosa co amor. Vos podeades imaxinar un poeta namorado da súa muller e obrigado a vela actuar disfrazada de home? Paréceme que prendería lume ao teatro. Vos podeades imaxinar outro obrigado a escribir un papel á súa muller que non ten talento? E aqueloutro, suando para expresar con epigramas ao público do proscenio as penas que este público lle causou ao ser que máis quere, este ser que os orientais pechaban con tripla chave antes que viñesen a estudar Dereito en París ? Dado que todos os escritores senten arrepío pola literatura nalgún momento, para eles –almas libres e orgullosas, espíritos cansos que sempre precisan repousar o sétimo día– só admito dúas clases posibles de mulleres: as prostitutas e as mulleres estúpidas, o amor ou o pote. Irmáns, é preciso que vos explique as miñas razóns? (Publicado o 15 de abril de 1846).

Sería doado dicir que no ano 1846 a ninguén se lle tiña ocorrido, aínda que as mulleres eran persoas, e non instrumentos para a cama e para a cociña do macho; Montaigne, no século XVI, un século non precisamente favorábel ás mulleres, deixou escrito nas súas famosas e extraordinarias Memorias: “Digo que os machos e as femias son feitos co mesmo molde: quitado a educación ou o costume, a diferenza non é grande (Libro III, Cap. V).

...

Romper tabús vai moito máis alá da transgresión, pero non todas as sociedades teñen os mesmos tabús; pero o poder de todas elas sérvese dos tabús para controlar os cidadáns, entre eles, claro, os seus escritores. Cómpre citar o caso contemporáneo de Salman Rushdi, rompedor de prohibicións teolóxicas, pero tamén

o senador Maccarthy que perseguía por motivos patrióticos ou a Igrexa Católica exterminando herexías. O horror ao corpo nu ou á homo- sexualidade tamén son tabús que a literatura e as artes plásticas romperon con máis ou menos insolencia. Teño para min con todo que as diversas iconoclastias que viviu a historia da arte e do pensamento foron reducindo o tabú; niso contribuíu o desprestixio da relixión, detectada tan explicitamente por un escritor, Fiedor Dostoievski, cando exclama "Se Deus non existe, todo está permitido!", e por un filósofo, Friedrich Nietzsche, cando di: "Deus morreu". Entón o tabú contemporáneo queda só en dos eidos antropoloxicamente omni- presentes: o nacemento e a morte. A morte, con todo, fora da relixión i nunha época obsesivamente hixienista perdeu consistencia. Agora ben, queda, con toda a súa forza, o nacemento.

Se algunha vez vedes en directo un parto, ficaredes tan marabillados como calquera sociedade primitiva. Trátase dun acto violento e abraiante. E sen dúbida emana un poder por riba do cal non hai ningún outro. Teño para min que o tabú, nunha boa parte ao longo da historia pero tamén na actualidade, é o camiño máxico, e que polo tanto non é unha obriga razoar nin tampouco dar respostas, para arrebatarse este poder ás mulleres. Se observamos o léxico

que empregamos para insultarnos, casque todo el está relacionado co nacemento: como nacemos, é dicir a legalidade do pai, ou a humillación que lle infrinximos a una muller co acto sexual, porque estamos dispostos a lle arrebatarse a propiedade dos bebés que poida procrear. Observamos tamén que, cando un home ten relacións sexuais cunha muller dicimos ca posuía pero nunca ela o posuía a el, e cando unha muller pare un fillo dicimos que lle deu un fillo ao seu home. Iso hoxe en día!

Os dous camiños para controlar a reprodución da muller son enaltecer a virxindade e castigar o adulterio. A virxindade ninguén sabe para que serve. Nin tampouco podería explicar a insistencia da Igrexa Católica en facer un dogma da virxindade da Virxe María –antes do parto, durante o parto e despois do parto, por se alguén tiña dúbida que unha muller non virxe é impura, aínda que teña a categoría discutíbel de nai–. A nai dunha das rapazas salvaxemente asasinadas en Ciudad Juárez (México) dicía ás cámaras de televisión que “mi hija estaba intacta”, como un agravante da morte violenta dela. Mesmo na linguaxe actual, o primeiro insulto que se lle pode facer a unha muller é que ten relacións con calquera; sería irrisorio, se non fose que xa estamos afeitos, escoitar un camioneiro que se asoma á fiestra do seu vehículo porque un turismo conducido por unha muller fixo unha manobra estraña e

cuspe un ! Lagarta! que non parece que teña nada que ver co código da circulación. E aínda custa máis de comprender o carácter profundo da homofobia; segundo estes, os homosexuais homes "son como mulleres" e os ven como homes que perderon a virilidade; por que os homosexuais teñen que ser pouco virís, e os homosexuais mulleres, que se ven como se fosen machos, non poden ser femininas? Pois é habitual escoitar en boca de persoas que se cren liberadas aquilo de "os homosexuais son máis sensibles", dando a entender que a sensibilidade é feminina(!). A confusión aquí é múltiple. Paga a pena subliñar que a dereita española e a Igrexa Católica quedou escandalizada coa lei que permite o matrimonio entre homosexuais, e fixeron unha oposición con furor etimolóxico: "Non se pode dicir "matrimonio", berran, sen ter posto nunca en discusión a palabra "patrimonio", seguramente porque xa lles vai ben así; o que lles repugna non é a palabra; mesmo presumindo de tolerantes(!), din que aceptan a homosexualidade, pero lles repugna que sexa normal, lles repugna que deixe de ser marxinal. "Se non fan mal a ninguén, din, a min tanto me ten que alguén se masturbe ou que o fagan con homes, pero iso si con discreción". Téño lido literalmente así, en boca dun neocon. O control da muller, ademais, recaeu nas mans das outras mulleres, por iso en La casa de Bernarda Alba, do desventurado Federico García Lorca, son as mulleres as que, diante dunha rapaza que tivo relacións sen estar casada, lle berran pola rúa. "!Pónganle brasas encendidas en el sitio del pecado!".

O sexo e o nacemento son o universo de discurso do tabú. A familia, considerada na nosa ultraconservadora sociedade a célula da sociedade, ten como primeira función distinguir o rol dos homes do rol das mulleres: como as voces igualitarias avanzaron terreo, esta tarefa recae máis que nunca nel patio da escola. E na cultura do patio da escola continua existindo o peor, o máis terrorífico dos insultos, co cal pode ser humillado calquera neno: dicirle "nena"!

---

\* N. de la tr. Entidade fundada en Barcelona o ano 1909 po Ricard Aragó (Ivon l'Escop) cuxo obxectivo era loitar contra a blasfemia e as palabras malsoantes Tivo o soporte de bispos, intelectuais e xuntou adoito milleiros de persoas.

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.